



A madalena

Escola infantil
municipal

PROGRAMACIÓN ANUAL

CURSO 21-22

1. INTRODUCCIÓN

2. ORGANIZACIÓN DA EIM A MADALENA

2.1 HORARIOS

2.2 CALENDARIO

2.3 ADSCRICIÓN DO ALUMNADO

3. OBXECTIVOS XERAIS DA EIM A MADALENA

4. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO

5. OBXECTIVOS DAS ÁREAS

6. ACTUACIÓN PEDAGÓXICA CO ALUMNADO

6.1 CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

6.2 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

6.4 INCORPORACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

6.5 TITORÍAS

6.6 RECURSOS DIDÁCTICOS

6.7 PROXECTOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NO CENTRO

6.8 PLAN DE APOIO PARA ALUMNANDO CON N.E.E.

7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

8. ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

8.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

8.2 CONSELLO DE CENTRO

8.3 ASOCIACIÓN DE PAIS-NAIS

8.4 COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

8.5 ACTIVIDADES COA COMUNIDADE EDUCATIVA

9. MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO

1. INTRODUCCIÓN

Co noso proxecto pretendemos elaborar un modelo que favoreza un tipo de educación que pretenda desenvolver uns servizos alternativos ou “distintos”.

Unha posibilidade educativa que atenda de forma conxunta os nenos e nenas e os pais e nais, xa que ofrece mellores e maiores posibilidades, ao tempo que integra un maior número de familias no proceso educativo, de forma que estas se beneficien das oportunidades que o mesmo sistema ofrece.

Dentro do noso proxecto, cómpre resaltar a importancia que lle concedemos a que a educación do neno se desenvolva nunha escola aberta á comunidade. Detrás desta importancia hai moitos e diversos motivos entre os que salientamos os seguintes:

- ◆ A comunidade da que a familia é parte integrante é o grupo social no que o neno comeza a ser membro activo.
- ◆ A propia contorna humana e material é o ambiente óptimo para o desenvolvemento do currículo que ten que seguir o neno.
- ◆ A escola, mediante sistemas de educación formal ou non formal, ten que cooperar estreitamente cos pais co fin de ter en conta a súa responsabilidade fundamental na intervención educativa cos seus fillos, o que ocasiona unha esixencia de preparar os pais para ser educadores dos seus fillos.
- ◆ O municipio, como grupo humano con entidade propia pola súa historia, costumes, tradicións e organización orixinal e específica, é o mellor contorno e ambiente para a atención e educación dos seus nenos máis pequenos
- ◆ Para o bo funcionamento do centro consideramos que é útil ter en conta os requisitos imprescindibles na aplicación de calquera proxecto educativo.
- ◆ Coñecer e analizar características socioculturais, persoais e familiares dos usuarios para poder desenvolver o proxecto educativo previsto.
- ◆ Crear un ambiente propicio, xa que este condiciona condutas e actitudes de persoas que conviven no mesmo espazo.
- ◆ A organización do centro debe ser moi flexible, nunca de todo rematada.

A corresponsabilidade dos pais no centro é moi importante e pasa polos seguintes períodos:

- ◆ Período de adaptación- familiarización.
- ◆ Período de implicación- colaboración.
- ◆ Período de implicación- responsabilidade.
- ◆ Período de implicación – coxestor.

2. ORGANIZACIÓN DA EIM A MADALENA

2.1 HORARIOS

HORARIOS DO PERSOAL DOCENTE.

DIRECTORA PEDAGÓXICA	SANDRA DIOS 9:00-16:00		
GRUPO 0-1	LOLI VIAÑO 7:30-14:30	MARTA MOSQUERA 9:00-14:00//16:00-18:00	VANESA PARENTE 12:30-19:30
GRUPO 1-2	CRISTINA LAREO 8:00-15:00	ROCÍO PITEIRA 9:30-14:00//16:00-18:30 SUSANA VARELA 9:30-13:30-15:00-18:00 MARÍA MONTESERÍN 9:00-16:00	MILAGROS VARELA 12:30-19:30
GRUPO 2-3	MARÍA TATO 7:30-14:30 LUCÍA ADRÁN 9:00-16:00 LAURA RIAL 9:30-16:30 MARÍA IGLESIAS 10:00-17:00	MÓNICA GARCÍA 10:00-14:00//15:00-18:00 ARACELI RICO 8:30-14:00//16:00-17:30	ANBA ROSA SANTOS 12:30-19:30

HORARIOS DO PERSOAL NON DOCENTE:

ADMINISTRATIVA:	ISABEL SUÁREZ: 9:00-16:00 (luns e mércores)
PERSOAL DE COCIÑA.	MARI IGLESIAS: 9:00- 16:00 (SEMANAS ALTERNAS) TERESA OTERO: 10:00-17:00 (SEMANAS ALTERNAS)
PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS:	Mª VICTORIA REDONDO: 7:30-12:30//16:00-18:00 ELENA SEOANE 9:30-14:30 /REDUCCIÓN XORNADA) TERESA SEBE: 12:30-19:30

2.2 CALENDARIO

Esta escola permanecerá aberta durante todo o ano, excepto:

- ◆ **FESTIVOS NACIONAIS E AUTONOMICOS:** Os que determinen as autoridades competentes que serán comunicados ás familias
- ◆ **FESTIVOS LOCAIS DE AMES:** Os que determine o pleno da corporación (luns de pascua 18 de abril, 26 maio a Ascensión), que serán comunicados ás familias
- ◆ Fins de semana (sábados e domingos)
- ◆ O 24 e 31 de decembro, a escola permanecerá pechada
- ◆ Os días dos festivais da escola pecharemos ás 14.00 horas (festival de Nadal, festival de antroido e festival de fin de curso). Sempre e cando se poidan celebrar

presencialmente e con público. Dependendo da situación sanitaria e atendendo ao protocolo se levaran a cabo ou non.

2.3 ADSCRICIÓN DO ALUMNADO

- ◆ Terán preferencia para obter praza na escola infantil, aqueles nenos e nenas empadroados no Concello.
- ◆ Tamén poderán acceder ao servizo, as fillas e fillos de persoas, que estando empadroadas noutro Concello, teñan os seus postos de traballo neste municipio. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou institución correspondente.
- ◆ Unha vez adxudicadas as prazas de reserva ordinaria, terán preferencia na adxudicación das vacantes existentes para o centro onde prestan servizo a nai, pai, titor/a legal, sobre os solicitantes de novo ingreso, en calquera das baremacións. Se o/a traballador/a non puidera solicitar praza dentro do periodo oficial establecido para tal fin, dende a escola reservaselle a praza para o seu fillo/a ata o momento en que o poida facer en previsión da súa reincorporación.
- ◆ Unha vez adxudicadas as prazas correspondentes ás reservas de praza do ano anterior e as dos fillos e fillas do persoal do centro, as prazas vacantes adxudicaranse ás/aos solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar e que para tal efecto se publica no DOG.
- ◆ Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación de prazas tanto da escola como do comedor, tendo preferencia para a adxudicación de prazas de comedor os/as nenos/as de xornada completa sobre os de media xornada, e dentro dos de xornada completa, aquelas familias na que traballen os dous proxenitores.

ARTIGO 9º RRI - IDADES DE INGRESO E PERMANENCIA

Os requisitos de idade que deberán cumprir os nenos serán os seguintes:

Idade mínima: Ter feitos os tres meses na data de ingreso agás situacións específicas (deberanse acreditar co informe previo e favorable de Servizos Sociais).

Idade máxima: Tres anos (agás casos excepcionais recollidos na lexislación vixente). Os nenos e nenas poderán ser usuarios do servizo ata o momento da incorporación á educación infantil de segundo ciclo.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA EIM A MADALENA

OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS:

- ◆ Potenciar a aprendizaxe e o fomento da lingua galega na nosa escola infantil.
- ◆ Coñecer e descubrir os costumes e as tradicións da zona, facéndoas propias a través de actividades globalizadas, con sentido para os nenos e nenas.
- ◆ Potenciar e formar o neno nos ámbitos de desenvolvemento motor, cognitivo, de equilibrio persoal, de inserción social e das relacións interpersoais.
- ◆ Educar os nenos e as nenas na igualdade de dereitos sen discriminación por razón de sexo, respectando a diversidade, baseándonos na aceptación das distintas razas, culturas e etnias.
- ◆ Intentar que a escola sexa unha experiencia óptima para os nenos e nenas,
- ◆ educadores/as e a comunidade educativa en xeral.

OBXECTIVOS ORGANIZATIVOS:

- ◆ Establecer unha comunicación fluída entre todas as partes da comunidade educativa.
- ◆ Traballar en equipo como factor básico para a cohesión do grupo e asumir metas comúns.
- ◆ Cumprir e facer cumprir as normas do centro para conseguir e manter un ambiente estable e de confianza.

OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS

- ◆ Establecer relacións con outras institucións de ámbito educativo, cultural e administrativo para a integración do centro no contorno e para a mellora da calidade do ensino.

4. OBXECTIVOS XERAIS DO CICLO

A educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e deben aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais (sempre dentro da súa aula atendendop aos grupos burbulla que marca o protocolo) adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lingua escrita como medio

de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

5. OBXECTIVOS DAS ÁREAS

Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

a) Tomar conciencia do propio corpo identificándoo de maneira global e segmentaria.

b) Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.

c) Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.

d) Adquirir o control das posturas e do movemento do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.

e) Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular.

f) Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.

g) Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.

h) Controlar o propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.

i) Tolerar a frustración demorando a satisfacción dos desexos.

j) Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coidado persoal.

Área do coñecemento do contorno.

a) Observar o contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.

b) Establecer relacións causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do contorno.

c) Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.

d) Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.

e) Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que se comunica.

f) Identificar secuencias temporais relacionándoas coa rutina e períodos de tempo

habituais.

- g) Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.
- h) Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- i) Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.
- j) Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- k) Identificar as funcións dos grupos e das organizacións da comunidade descubriendo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

Área: linguaxes: comunicación e representación

- a) Observar o contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.
- b) Establecer relacións causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.
- c) Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.
- d) Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.
- e) Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que se comunica.
- f) Identificar secuencias temporais relacionándoas coa rutina e períodos de tempo habituais.
- g) Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.
- h) Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.
- i) Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.
- j) Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.
- k) Identificar as funcións dos grupos e das organizacións da comunidade descubriendo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

6. ACTUACIÓN PEDAGÓXICA COS ALUMNOS

6.1 CRITERIOS DE AGRUPAMENTO

0-1 anos: Os nenos e nenas desta idade permanecerán todos xuntos nun mesmo grupo,

na mesma aula.

1-2 anos: Os nenos e nenas desta idade están distribuídos en dúas aulas seguindo o criterio da data de nacemento. Nun grupo podemos atopar todos os nenos e nenas nados nos primeiros meses do ano e no outro os nados nos últimos meses. Eliximos este criterio de agrupamento porque atopamos moitas diferenzas de maduración entre os nenos e as nenas nados nos primeiros meses do ano e os e as nados nos últimos meses.

2-3 anos: Dividimos os nenos e nenas desta idade en tres aulas e, para iso, baseámonos no criterio do uso ou non do comedor, así como nos horarios dos ennos para poder asegurar os grupos burbulla durante toda a xornada. Así, formamos dous grupos cos nenos e nenas que comen habitualmente na escola (2-3 A e 2-3 B) e outro cos nenos e nenas que non comen no centro ou o fan de xeito esporádico. Escollemos este criterio de división porque consideramos moi importante que cada alumno estea o maior tempo posible coas súas educadoras e do mesmo xeito favorece a distribución organizativa do centro.

6.2 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

Baseándonos no Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo da educación infantil en Galicia.

1. O AMBIENTE DE APRENDIZAXE

As crianzas constrúen as súas aprendizaxes en interacción co medio no que se desenvolven e, dependendo da calidade da interacción que establezan co medio, así será a calidade da súa construción.

A organización dos contextos incide de maneira directa na construción que fan do seu coñecemento e favorece o desenvolvemento da autonomía e á interiorización de normas e actitudes de orde.

ESPAZOS

O equipo educativo deseñará o ambiente e organizará os espazos cumprindo o protocolo e tendo en conta que respondan a necesidades de tipo físico, afectivo, de convivencia, de exploración, de autonomía, de actividade, de movemento e de expresión.

A escola conformarase como un ambiente amable e agradable que lles posibilite aos cativos e cativas sentírense cómodos e seguros, favorecendo a súa introdución no mundo artístico. Debe coidarse a estética da escola, ofrecendo un ambiente visual rico pero equilibrado.

A organización dos espazos debe garantir flexibilidade. Ademais, deben permitir unha

variedade de usos dos diferentes espazos ao longo da xornada e mesmo ao longo do curso.

A concepción da escola como un marco seguro, ten que permitirlles aos nenos e nenas experimentar, expresarse e desprazarse de maneira autónoma sen coartar as súas ansias de aventura.

Os espazos exteriores deberán ser obxecto de coidado e planificación, explorando as posibilidades de aprendizaxe e interacción que ofertan.

Na escola contemplaremos espazos para que os adultos que comparten a vida dos pequenos e pequenas (as súas familias e as educadoras e educadores) atopen un ambiente onde se reunir e relacionarse con comodidade. (protocolo covid19. Non poden acceder ao centro)

MATERIAIS

O equipo educativo deberá seleccionar todo tipo de materiais para a estimulación dos nenos e das nenas, colocalos de maneira que se incentive a súa manipulación e corresponsabilizar os nenos e as nenas no seu coidado e organización. Nas aulas contarase cunha oferta ampla de materiais de diferente tipo: comerciais, de refugallo, recollidos nas saídas, traídos polos nenos e nenas. Permitirlles ás crianzas elixir libremente estes materiais proporcionaralles múltiples oportunidades para a aprendizaxe. Son especialmente enriquecedores neste ciclo os materiais continuos e naturais que ofertan oportunidades de experimentación.

As novas tecnoloxías introducíranse como un elemento cotiá en relación cos acontecementos e situacións que se viven nela, consideradas nunha dobre vertente: como ferramentas para a propia escola e como instrumentos do desenvolvemento dos nenos e nenas.

Cómpre ter especial coidado na selección e utilización das actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.

TEMPOS

A organización do tempo será moi flexible para adecuarse aos seus ritmos de actividade e descanso.

O equipo educativo organizará o tempo de maneira que permita pasar dunha organización rexida polo ritmo biolóxico dos nenos e nenas, nos primeiros momentos, a outra na que progresivamente irá aumentando o peso do ritmo externo marcado pola actividade da propia escola.

A distribución da xornada debe establecer unha alternancia de períodos tranquilos e

estables; e outros momentos que favorezan situacións novas e estimulantes que esperten a súa curiosidade e unha actitude de descubrimento permanente. Na organización das actividades consideraremos sempre un tempo suficiente para desenvolverlas sen presa e incluíndo un momento para recoller e falar da experiencia vivida.

Así mesmo terase en conta que os nenos e as nenas necesitan un tempo de transición entre unha e outra.

Teremos especial precaución en evitar a diferenciación entre momentos lectivos e outros máis lúdicos ou asistenciais, xa que toda a vida da escola infantil se desenvolve baixo un prisma de aprendizaxe non só de destrezas instrumentais senón de hábitos, emocións e interacción social.

Tamén reduciremos no posible os tempos de espera, contando con actividades alternativas, organizando subgrupos ...(sempre dentro da mesma aula)

2. A RELACIÓN CO CONTORNO

Os dous polos principais de relación co medio social durante o primeiro ciclo da educación infantil son a escola e a familia, de ambas as dúas recibirá as normas e os valores que marcarán o seu desenvolvemento, polo que as relacións que se establezan entre unha e outra serán fundamentais para unha intervención educativa apropiada.

Así mesmo, un obxectivo de toda intervención educativa debe ser o de aspirar a unha escola libre de actitudes de discriminación por razóns de sexo, razas, costumes, relixións ou limitacións físicas ou psíquicas.

Con este motivo seguiremos as seguintes orientacións ao desenvolver as actuacións na escola infantil.

O equipo educativo debe ter en conta o contexto socio-cultural e familiar dos nenos e nenas para garantir a necesaria conexión entre os dous ámbitos.

A escola debe falar da comunidade onde está inmersa, sen menoscabo da introdución de elementos doutras culturas que mostren un mundo diverso e multicultural. Tendo en conta a realidade do Milladoiro.

Propoñemos actividades que dean a coñecer a cultura e costumes dos nenos e nenas que integran o grupo.

Coidaremos dun xeito especial o período de adaptación, para que os nenos e nenas poidan elaborar sen traumas excesivos o tránsito á nova situación, e adaptaremos os seus ritmos individuais á vida en comunidade.

Teremos en conta a colaboración coas familias: establecendo canles para o intercambio de información así como a súa consecuente participación na vida da escola.

3. O CARACTER GLOBALIZADO DA APRENDIZAXE.

O carácter globalizador rexerá a intervención educativa na nosa escola, na que os eixes vertebradores da actividade educativa van ser fundamentalmente as rutinas e o xogo. Evitaremos a parcelación das actividades procurando que cando un neno ou nena xogue ou realice calquera actividade, esta sirva para desenvolver todas as áreas. Aproveitaremos especialmente as situacións da vida cotiá para favorecer o traballo globalizado. As rutinas, teñen neste ciclo unha función claramente educativa, ofrecéndolles aos nenos e nenas un marco seguro para o seu desenvolvemento e favorecendo multitude de aprendizaxes e a consecución da autonomía. Propoñemos situacións educativas que ofrezan múltiples posibilidades de percibir, actuar, experimentar e descubrir; aproveitando a capacidade dos nenos e nenas de aprender a través dos sentidos; actuando, manipulando e experimentando con obxectos e materiais diversos.

4. A INDIVIDUALIZACIÓN DO TRABALLO EDUCATIVO

As aprendizaxes que fagan os nenos e nenas teñen que ser significativas, o que require necesariamente un ensino individualizado. Dado que cada neno ou nena ten unha bagaxe de aprendizaxes diferente, un ritmo propio de desenvolvemento, uns intereses determinados... O persoal educativo ofrecerá a cada neno ou nena o que precisa para conseguir por medio desta individualización da intervención unha auténtica igualdade de oportunidades.

Realizaremos propostas educativas que lle resulten interesantes ás crianzas, o que suporá unha motivación para realizar o esforzo que implica poñer en relación as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.

Propoñeremos aprendizaxes funcionais, útiles para a vida cotiá e que poidan ser aplicados en diversas situacións. Teremos presente as diferenzas individuais xa que son especialmente relevantes .

Tentaremos detectar e valorar os coñecementos previos do alumnado para que, á hora de propoñerlle novas aprendizaxes, poida relacionalas coas xa adquiridas asegurando así que sexan significativas para el.

Prestaremos especial atención ás capacidades das crianzas para aprender manipulando, explorando, probando...

5. DESENVOLVEMENTO DAS POTENCIALIDADES

Deseñaremos proxectos de intervención coherentes cun ambiente ben estruturado para

permitir unha acción educativa dirixida a desenvolver as potencialidades sensoriomotrices, intelectuais, sociais, afectivas e lingüísticas das crianzas.

Planificaremos a actividade educativa para ser realizada na zona que se sitúa entre o que o neno e a nena xa son capaces de facer sos e aquilo no que precisan axuda para poder realizalo.

Favorecerase o movemento nas súas distintas vertentes, prestando especial atención ás principais competencias motoras –o desprazamento e a pinza-, que lles abren as portas da autonomía.

Propiciaremos actividades de xogo, tendo en conta que é a actividade que dá unha mellor resposta ao desenvolvemento dos nenos e nenas.

6. A INTERACCIÓN COAS DEMAIS PERSOAS

A construción de novos vínculos afectivos cos adultos e co grupo de iguais é un dos aspectos básicos neste ciclo educativo, no que ademais da satisfacción das necesidades biolóxicas, as crianzas teñen a necesidade de ter unha boa relación afectiva coa persoa adulta. Esta relación de apego que establecen cos adultos permitiránlle sentir equilibrio e seguridade emocional na escola, sen a cal as demais experiencias quedarían diminuídas ou deterioradas. Tamén neste primeiro ciclo comeza a aprendizaxe dos valores. Os profesionais da escola relaciónanse cos nenos e nenas coñecendo as súas posibilidades de desenvolvemento e confiando nas súas capacidades nun clima de seguridade, respecto, valoración e confianza.

Procuraremos manter unha constante actitude de escoita cara os cativos e cativas para percibir as súas necesidades e desexos e poder dar respostas adecuadas ás mesmas.

Procuraremos desenvolver nos nenos e nenas principios como o autocontrol, a responsabilidade, a tolerancia e a solidariedade, tendo en conta que as persoas adultas que rodean as crianzas teñen un importante papel como modelos.

Aproveitaremos todas as situacións de interacción que se producen ao longo da xornada para fomentar os intercambios lingüísticos, sen descoidar outras formas de comunicación.

O persoal da escola debe ser consciente do seu importante papel como modelo para os nenos e nenas, coidando especialmente a calidade das súas interaccións comunicativas.

Aproveitaranse as posibilidades de interacción co grupo de iguais (dentro da mesma aula) que a escola posibilita. Mediante estas os nenos e nenas amplían os escenarios de socialización, establecendo o seu lugar na comunidade, aprendendo a xestionar conflitos, a facer amizades, etc.

Relación familia - escola.

A educación Infantil acada o seu pleno senso nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos nenos/as. As relacións fluídas e continuadas entre centro e familias permiten unificar criterios e pautas de actuación entre adultos que, dunha ou outra forma, interveñen directamente na educación dos mais pequenos.

Na nosa escola intentamos favorecer as relacións entre a familia e o centro, estimulando a súa participación e colaboración nas tarefas educativas e detectando os problemas que sufra o neno ou a nena, orientando e mediando coa familia para atopar solucións axeitadas. Por este motivo, as educadoras e mestras estamos a disposición das familias para transmitirille toda aquela información que necesiten.

6.3 A AVALIACIÓN.

O proceso de avaliación recollerá non só información de como vai evolucionando o desenvolvemento das criaturas nos ámbitos de aprendizaxe, senón tamén a propia planificación educativa, a organización de tempos e traballo dos equipos educativos e de servizos, e a interrelación coas familias e coa comunidade.

A avaliación terá un carácter permanente e sistemático, de maneira que proporcione información veraz e continua sobre os procesos de toda índole que teñen lugar no centro. Deseñaremos instrumentos de avaliación que reflectan o proceso de evolución nas aprendizaxes que cada criatura percorre, de xeito que poidamos obter información individualizada. Esta información que debe subliñar os logros e avances acadados, ten que ser comunicada e compartida coas familias.

Avaliación inicial:

1ª fase. Entrevista inicial cos pais

2ª fase. Farase ao comezo do proceso e serviranos para saber os coñecementos que teñen os nenos e nenas acerca do tema. Para esta avaliación empregaremos, en xeral, a primeira sesión da unidade didáctica e, en particular, a primeira actividade. Unha vez observados os coñecementos dos nenos e nenas rexistraranse cunha ficha; este será o momento de axustar os obxectivos e contidos en caso de ser necesario.

Avaliación formativa: Este tipo de avaliación levarase a cabo ao longo de toda unidade didáctica. Puntualmente, empregaremos as asembleas de cada xornada para ver os coñecementos que progresivamente se foron acadando.

Avaliación final: Será a que levamos a cabo ao final da unidade didáctica. Para avaliar aos nenos e nenas, empregaremos a observación directa nas distintas actividades que

levamos a cabo. Para rexistrar os resultados da avaliación empregaremos unha ficha de carácter interno. Para informar aos pais utilizaremos un boletín trimestral onde se explicarán os diferentes logros ou dificultades que experimenta o neno/a. Ademais destas avaliacións, poderanse solicitar titorías cando as educadoras ou os pais o consideren oportuno. Estas titorías serán preferiblemente telématicas, pero tamen poderán realizarse en exterior.

Do proceso: Anotaremos ás observacións e os resultados que consideremos necesarios con vistas a mellorar a nosa actividade docente; se a distribución do espazo foi a adecuada, a organización do tempo, o material... Debemos facer un inciso neste punto e ter presente a autoavaliación, polo tanto tamén debemos avaliarnos como persoa individual dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe e cualificar así mesmo o método empregado.

6.5 TITORIAS.

	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C
GRUPO 0-1	LUNS 18:00-19:00		
GRUPO 1-2	MARTES 18:00 – 19:00	MARTES 17:00-18:00	
GRUPO 2-3	MERCORES 18:00-19:00	MERCORES 19:00-20:00	MERCORES 17:00-18:00
DIRECCIÓN	MARTES 16:00-18:00		

*As titorías deberán solicitarse mediante cita previa.

6.6 RECURSOS DIDÁCTICOS

MATERIAL DIDÁCTICO:

MATERIAL PARA GRANDES ESPAZOS EXTERIORES E INTERIORES

PANEIS DE DOCUMENTACIÓN E EXPOSITORES

MATERIAL DE AULA

MATERIAL DE RECUPERACIÓN

MATERIAL INFORMÁTICO E AUDIOVISUAL

MATERIAIS CURRICULARES

D.C.B.

P.E.C

PROGRAMACIÓNS

6.7 PROXECTOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NO CENTRO.

Durante todo o curso traballaremos a través de 5 obradoiros de aprendizaxe, na dinámica de grupo faremos cada día da semana un obradoiro diferente, onde se abarcarán as diferentes temáticas do ano, e onde gozaremos da grande diversidade de diferentes

ambientes preparados na escola para a investigación e a experimentación.

GRUPO DE 0-1 ANOS:

ACTIVIDADES DO CESTO DOS TESOUROS. Baseado na exploración e no descubrimento das propiedades dos obxectos (naturais e continuos: auga, area, luz e escuridade, temperaturas e texturas...

ACTIVIDADES DE MÚSICA. Audicións e discriminación auditiva, manexo de instrumentos, ritmo..

ACTIVIDADES DE PSICOMOTRICIDADE. Desprazamentos, equilibrio, esquema corporal, coordinación...

GRUPO DE 1-2 ANOS:

ACTIVIDADES DE XOGO HEURÍSTICO. Descubrimento das propiedades dos obxectos e as relacións que manteñen entre si.(materiais que se poidan esterilizar con facilidade segun protocolo)

ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN SENSORIAL Xogos con materiais naturais e continuos: auga, area, luz e escuridade, temperaturas e texturas...

ACTIVIDADES DE MÚSICA E DRAMATIZACIÓN. Audicións e discriminación auditiva, manexo de instrumentos, ritmo, marionetas, disfraces e maquillaxes...

ACTIVIDADES DE PSICOMOTRICIDADE. Desprazamentos, equilibrio, esquema corporal, coordinación...

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN PLÁSTICA. Pintura, modelaxe, colaxe, arte..

GRUPO DE 2-3 ANOS:

ACTIVIDADES DE PSICOMOTRICIDADE. Desprazamentos, equilibrio, esquema corporal, coordinación...

ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN PLÁSTICA. Pintura, modelaxe, colaxe, arte...

ACTIVIDADES DE LÓXICA MATEMÁTICA. Clasificación, numeración, ordenación, topoloxía...

ACTIVIDADES DE ESTIMULACIÓN SENSORIAL. Xogos con materiais naturais e continuos: auga, area, luz e escuridade, temperaturas e texturas...

ACTIVIDADES DE MÚSICA E DRAMATIZACIÓN. Audicións e discriminación auditiva, manexo de instrumentos, ritmo, marionetas, disfraces e maquillaxes...

En todas as actividades así como nas rutinas de aula faremos fincapé na expresión oral; a linguaxe axúdanos a construír o pensamento, a descodificar o mundo de signos no que estamos inmersos e a contar as propias experiencias. Son moitas as tarefas lingüísticas que os nenos e nenas deben emprender na primeira infancia:

Aumentar progresivamente o seu vocabulario.

Adquirir axilidade, desenvolver e controlar os músculos activos (lingua, beizos e mandíbulas) e pasivos (larinxe, veo palatal, e fosas nasais) empregados na fala.

Adquirir o hábito dunha respiración correcta.

Os diferentes temas a traballar durante o curso 2021-2022 nas actividades de aula serán os seguintes: (todas estaran suxeitas a modificacións tendo en conta os criterios epidemiolóxicos de cada momento do curso

SETEMBRO: Período de adaptación, a vendimia

OUTUBRO: O samaín, o outono.

NOVEMBRO: O magosto, mes da música.. (Música: con videos das familias)

DECEMBRO: O Nadal

XANEIRO: A paz, o inverno

FEBREIRO: O Entroido.

MARZO: Os oficios, os medios de transporte,o horto (con videos das familias)

ABRIL: A primavera, os animais e as mascotas, o horto

MAIO: O mes das flores, a familia, o horto.

XUÑO: O verán, a festa de fin de curso, o horto.

XULLO: Talleres de verán.

AGOSTO: Talleres de verán.

Avaliarase constantemente a posibilidade de realización das actividades, colaboración coas familias, actividades extraescolares, saídas, de non ser posible as actividades realizaremolas de xeito telémático (festivais telemáticos, recepción de videos das familias, para difernetes actividades...) Algunha das acticidades como as do mes da música ou os oficios valorarase a posibilidade de facelas no exterior si a climatoloxía o permite.

PROXECTOS QUE SE DESENVOLVEN AO LONGO DO CURSO

Na Escola da Madalena levamos a cabo o proxecto do horto que se traballa en todos os grupos de idade, sempre tendo en conta as súas posibilidades segundo a idade dos nenos/as

PROXECTO DO HORTO.

O noso horto escolar está situado na zona verde do patio da escola empregámolo con numerosos fins didácticos-pedagóxicos. Fomenta o traballo cooperativo con fins educativos e mesmo produtivos. Podemos afirmar que o horto é un excelente recurso que se pode usar en todos os niveis educativos, para converter os centros educativos en

lugares que posibiliten ao alumnado múltiples experiencias acerca do seu ámbito natural, e poñer en práctica actitudes e hábitos de coidado e responsabilidade ambiental; experiencias interesantes para o desenvolvemento das capacidades fundamentais en Educación Ambiental. É un recurso interdisciplinar, transversal que contribúe e axuda a descubrir e interpretar a realidade, a globalidade da natureza, na que todo está relacionado, todo forma parte de todo: a auga, o sol, a terra, os alimentos, o traballo, o esforzo, a ecoloxía....

Durante todo o curso os nenos e nenas poderán experimentar como plantar, coidar, regar e recolectar os nosos propios foitos de xeito totalmente natural sen produtos químicos nen pesticidas.

GRUPO 0-1: PROXECTO A MIÑA VIDA EN PAPEIS

Neste proxecto pretendemos contar un pouquiño a vida dos vos@s fill@s na EIM a Madalena, así como no seu primeiro ano de vida nas vosas casas. Para iso elaboramos o libro "A miña vida en papeis", o cal iremos cubrindo con fotos dos nen@s e comentarios das profes. Gustaríanos que nós axudárades a completalo con fotos que vós fagades na casa e escribindo o que vos pareza máis oportuno polo que, de cando en vez, vos mandaremos unha páxina para que a cubrades na casa como máis vos guste e a volvades a traer ao cole en canto poidades. Intentaremos reflectir neste libro a maioría das actividades que os nen@s realizan na Escola. Para que finalmente levedes para as vosas casas un libro con un ano enteiro de vivencias dos vosos fillos.

GRUPO 1-2:

PROXECTO DAS FAMILIAS: Mural das familias, cada familia traerá unha foto cos membros da familia par expoñer na aula.

Con este proxecto pretendemos acadar unha serie de obxectivos, entre eles:

- Recoñecer aos membros da propia familia e, pouco a pouco, vaia dicindo os seus nomes.
- Ir recoñecendo á familia dos compañeiros/as.
- Afianzar as relacións e a colaboración entre as familias e a Escola.

PROXECTO "A MOCHILA VIAXEIRA": Durante este curso e por protocolo COVID non levaremos a cabo este proxecto.

GRUPO 2-3:

PROXECTO A "MOCHILA VIAXEIRA": Durante este curso e por protocolo COVID non levaremos a cabo este proxecto

PROXECTO A “MASCOTA DA AULA”: Nesta nova actividade, queremos que ao longo do curso, mentres dure o protocolo COVID levarase a cabo na escola, cada semana faráse cargo da mascota un neno/a e faremos fotos en todas as actividades realizadas nesa semana.

Durante todo o ano investigaremos sobre as diferentes mascotas, para elo pediremos a colaboración das familias, solicitando información sobre as diferentes mascotas.

A mascota será boneco que en cada aula, será diferente.

Con este proxecto pretendemos acadar unha serie de obxectivos, entre eles:

- Desenvolver valores de coidado dunha mascota.
- Iniciarse na investigación de un tema de interese para os nenos e nenas

6.8. PLAN DE APOIO PARA ALUMNOS CON N.E.E.

Preténdese que a escola responda ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas sexa cal sexa o seu grao de singularidade. Non se trata de esixir o mesmo rendemento a todos senón que, coa atención personalizada, o neno acadе un nivel óptimo de desenvolvemento das súas potencialidades. Se na sociedade convivimos xuntos, é na escola infantil onde comezaremos a aceptar que todos somos diferentes e que podemos aprender de calquera persoa que teñamos o noso redor. É importante que a escola saiba valorar aspectos que non sexa soamente os intelectuais. Un neno discapacitado ao aprender certas cousas pode ensinarnos moitas outras, como por exemplo a entender e a facerse entender, a demostrar a súa afectividade... e todo isto é un instrumento útil para a convivencia.

Cando se nos presenta un caso de integración solicitamos dos pais un informe médico no que conste as súas particularidades, o estado do seu desenvolvemento xeral, as posibilidades de progreso a todos os niveis e os obxectivos que pode conseguir a curto ou medio prazo.

Convén que o persoal que se fai cargo dun grupo de nenos os observe e vixíe a aqueles nenos que despubten, examinando os seus progresos e, se o estima necesario, solicitando a opinión dun especialista.

Os signos de alarma máis frecuentes son:

Se, aos tres meses, non sorrí.

Se aos seis meses:

- Non é capaz de fixar a ollada.
- Non sostén ben a cabeza.
- Non intenta coller os obxectos que ten ao alcance da man ou se non utiliza

algunha das dúas mans.

Se aos nove meses:

- Non se mantén sentado.
- Non presente signos de relación social coa súa nai ou coa educadora.
- Non se interesa por mirar ou tocar as cousas.

Se cara aos doce meses:

- Non busca a comunicación co adulto ou non explora novos xoguetes ou obxectos.
- Rexeita calquera contacto social ou afectivo cos membros da súa familia.

Se entre os doce e catorce meses non presenta un parrafeo espontáneo nin a aparente comprensión de palabras e ordres sinxelas.

Se aos dezaioito meses non camiña.

Se aos vinte e catro meses non comezou a pronunciar as súas primeiras palabras.

Se aos tres anos:

- Non deixou o negativismo e os retos á autoridade.
- Non mostra ningún interese polos compañeiros da súa idade.
- Non é capaz de mandar e de obedecer de xeito eficaz e cómodo.
- Non comprende o que lle dicimos e non é capaz de producir un ritmo de quince palabras ou de formar unha frase sinxela.
- Aínda non corre, non salta ou ambas as dúas cousas.

COMO ACTUAR.

Ás veces non é preciso ser especialista para decatarse dos problema dun neno ou dunha nena, pero pode ser necesario consultar un especialista no tema para asegurar a existencia dun posible trastorno ou atraso e de como actuar en consecuencia.

Se o persoal docente observa o problema ou cre detectalo, sería conveniente falar co ou coa especialista.

Falaremos coas familias de maneira sinxela e tranquilizadora.

Se o problema existe, o/a especialista decide onde hai que actuar: familias, centros...

A metodoloxía que levaremos a cabo estará establecida de xeito conxunto co/coa especialista.

7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

SETEMBRO a vendimia

OUTUBRO/ NOVIEMBRE As festas tradicionais. Magosto, Samaín.

DECEMBRO Festival de Nadal

XANEIRO 30 de xaneiro: Día da Paz

FEBREIRO Festa de antroido

MARZO: 21: Día da árbore. Saída a correos (2-3 anos) (se a situación o permite)

ABRIL : Día do libro (23). Saída a Santiago. Saída a plantar árbores trasmonte. (se a situación o permite)

MAIO : Día da familia. Día das letras galegas. Visita a unha granxa (2-3 anos). Visita a mercadona (1-2 anos). (Se a situación o permite)

XUÑO Festa de fin de curso. (se a situación o permite, senon realizarse online)

OS PARQUES DO MILLADOIRO: Durante os diferentes meses do ano e segundo o tempo nos vaia acompañando, faremos varias saídas aos parques cercanos á escola: parque de estivada de castelao, parque do Agro da Madalena, parque da Rúa Travesa, parque de Travesía do Porto... (se a situación o permite)

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: Excursión de fin de curso (sábado – xuño). (se a situación o permite)

INGLÉS: Durante o primeiro trimestre non haberá actividade de inglés, segundo vaia transcurrido a situación epidemiolóxica e sempre atendendo aos protocolos, valoraremos a posibilidade de volver a implantar esta actividade.

8. ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

8.1. OBXETIVO ESPECIFICO.

Favorecer a participación da poboación do Milladoiro nas distintas festividades da escola abrindo as portas do centro para que todos os veciños poidan participar. (sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita)

8.2. CONSELLO DE CENTRO.

Representantes do consello de centro.

Persoa elixida de servizos xerais: Elena Seoane

Persoa elixida do persoal educativo: Cristina Lareo

Representante da ANPA.

Directora pedagóxica: M^a Sandra Dios ou mestra en quen delegue

Concelleiro de educación: ou concelleira/o en quen delegue

Competencias do consello de centro:

Elaborar a memoria anual de actividades.

Aprobar o PEC, programación anual elaborada pola comisión educativa.

Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para o mellor funcionamento do centro.

Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecido pola administración competente.

Os representantes do persoal educativo e do persoal de servizos serán elixidos internamente dentro da súa categoría. O/a representante dos pais e nais dos menores será elixido mediante convocatoria única.

8.3. ASOCIACIÓN DE PAIS/ NAIS.

Buscamos a colaboración da ANPA para todas as actividades que se levan a cabo no centro, intentando participar nas que eles organizan. (Fora do centro, ou por vías temáticas, as reunións da ANPA poderán realizarse na escola sempre e cando se fagan fora de horario do centro, e dicit a partir das 19:30 da tarde)

8.4. COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Reunións periódicas do persoal da escola.

Reunións por grupos ou niveis educativos (0-1, 1-2, 2-3).

Comunicación por medio da aplicación TokApp School a todos os pais das decisións tomadas sobre o funcionamento do centro. Estas mesmas comunicacións envíanse á ANPA.

Comunicación diaria por medio da aplicación TokApp School empregando unha axenda dixital para enviar toda a información dos alumnos ás familias.

A través do diálogo directo dos pais e as educadoras, nas recollidas e entregas de nenos e nenas

8.5.ACTIVIDADES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Como xa indicamos na introdución desta planificación, co noso proxecto pretendemos elaborar un modelo que favoreza un tipo de educación que pretende desenvolver uns servizos alternativos ou distintos, intentando incorporar os pais e a comunidade educativa no noso proxecto. Con este obxectivo levaremos a cabo as seguintes actividades:

Festival de Nadal.

Festival de Antroido

Festival de fin de curso.

Excursión de fin de curso.

Sempre que a situación o permita, promoveremos a participación das familias.

9. MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E CURRICULAR

Modificamos o proxecto educativo nos apartados de características do alumnado xa que cada ano varía o tipo de alumnado, as familias e o número de alumnos matriculados.